

Campaña de Verán, 2017



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convoca a Campaña de Verán 2017

Participantes:

Poden solicitar a súa participación nas actividades ofertadas nesta convocatoria os/as mozos/as galegos/as residentes en Galicia, nados/as no ano sinalado para cada actividade.

En canto á idade mínima e máxima para participar na Campaña de verán 2017, cómpre destacar o seguinte:

As persoas nadas no ano 1999 non poderán cumprir 18 anos antes da finalización do campamento.

As persoas nadas no ano 2008 deberán 6 ter cumpridos 9 anos ao inicio do campamento.

Servizos dispoñibles:

- Un programa de actividades de carácter sociocultural, recreativo, formativo e convivencia, que posibilite a participación do/a mozo/a.
- Aloxamento en albergue xuvenil, residencia xuvenil ou campamento xuvenil.
- Manutención en réxime de pensión completa.
- O material necesario para a actividade.
- Un equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural e actividades de tempo libre e actividades náuticas, de ser o caso. Así mesmo, e para o caso das persoas con necesidades especiais por razón da súa discapacidade, dispórase de persoal de apoio que conte con formación e experiencia para atender as súas necesidades.
- Atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes.

Descontos:

Familia numerosa 50% - Carné Xove: 25% (non son acumulables)

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o día 02 de maio de 2017.

Para máis información poden chamar ó teléfono 981792000 (EXT. 4), a través da páxina web www.xuventude.net ou na seguinte ligazón:

http://xuventude.xunta.es/images/accion_de_veran/2017/FOLLETO_campamentos-def.pdf

D.O.G. nº 73 do 17/abril/2017